

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/81-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE MUGARDOS	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), Ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ) e Berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ).
<b>Ámbito do plan</b>	Autorizacións administrativas: Pta. Promontoiro-Rampa del Seijo; Pta. Redonda-Pta. Leiras; Pta. Leiras-Pta. Promontoiro; Pta. Segaña-Pta. Redonda.
<b>Subzonas de explotación</b>	Enseadas da Barca, O Baño, Nande e Santa Lucía

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
59	-	-
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		Si (ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
20	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	90											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PE</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X			X	X	X		X	X	
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ameixa babosa	10 kg	-	-
Ameixa fina	3 kg	-	-
Berberecho	10 kg	-	-
Ameixa xaponesa	3 kg	-	-

<b>Artes a empregar</b>	Sacho
-------------------------	-------

<b>Puntos de control</b>	A Barca e rampla do fondo da enseada do Baño
<b>Puntos de venda</b>	Punto de Control de A Barca

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas					X	X						



Zonas: Enseada da Barca												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>		X							X			
Zonas: Enseada da Barca												
Especies: Ameixa babosa e ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>			X	X					X	X		
Zonas: Enseada da Barca												
Especies: Ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X			X	X	X		X	X	X	
Zonas: Enseada da Barca												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros : Remoción mecanizada e manual</b>		X		X				X	X	X	X	
Zonas : Enseada da Barca												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ampliación:** Non se aproba a solicitude de incorporación de 40 mariscadores a pé para cubrir as baixas producidas nos últimos anos, namentres esta confraría participe no Plan de Acción para a dinamización do marisqueo na Ría de Ferrol. Coa finalización do Plan de Dinamización ou co cese da participación desta confraría no mesmo poderíase considerar a incorporación dun máximo de 20 mariscadores no ano 2010.

**Días máximos de extracción:** O feito de que nos bancos marisqueiros incluídos neste plan se produza un recrutamento outonal de ameixa babosa, aconsella excluír o mes de outubro da época de extracción, fixando o número de días máximos de extracción en 90 días ó ano, axustando, deste xeito, un pouco máis o esforzo proposto á produción esperada.

**Xestión da explotación:** Establécese unha rotación de zonas de xeito que cada unha disporá dun período de descanso suficiente. Así, a enseada de A Barca traballarase nos meses de xaneiro a abril, novembro e decembro, e a enseada de O Baño, Santa Lucía e Nande nos meses de xullo, agosto e setembro.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requírese da aprobación dun plan experimental.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os



datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Puntos de control e venda:** Dada a extensión das autorizacións desta confraría, non se considera suficiente a proposta dun único punto de control, polo que se incorpora a rampla do fondo da enseada do Baño como punto de control. Así mesmo, no momento en que estea rematada a construción da nova lonxa, e debidamente autorizada, incorporárase como punto de control e venda neste plan.

**Accións de semicultivo, rexeneración e vixilancia:** A totalidade dos mariscadores de a pé participarán nos traballos e vixilancias, aínda que non queda claro se computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.

**Deberán aportar** a seguinte documentación:

- De ser o caso, forma na que computarán os días de traballos e vixilancia a efectos de revalidación do permex.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan e os puntos de control, dacordo coa Circular de 6 de outubro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010